

XORNADAS SOBRE *FIARE* BANCA ÉTICA
Sábado 18 de outubro de 2014
Salón de actos da deputación provincial de Lugo

Fiare Banca Ética nace grazas ao impulso de persoas e organizacións que queremos construír unha cooperativa de crédito **inspirada nos principios das finanzas éticas**. Grazas aos depósitos de aforro financiamos proxectos vinculados á loita contra a exclusión social, a cooperación ao desenvolvemento, a agroecoloxía, o comercio xusto e os valores transformadores. Trátase de poñer en mans da cidadanía o control sobre o bo uso dos seus cartos e no que a intermediación financeira dirixa os seus esforzos cara ás persoas e entidades que traballan en proxectos e actividades que xeran un impacto social positivo e rexeneran a sociedade.

XORNADA INFORMATIVA SOBRE *FIARE* BANCA ÉTICA

Data e hora: Sábado 18 de outubro de 2014, de 10:00h a 14:00h.

Lugar de celebración: Salón de actos da Deputación de Lugo.

Programa e poñentes:

- 10:00h: Recepción, inauguración e presentación da xornada a cargo dun representante da Deputación e outro do grupo local de Fiare en Lugo
- 10:15h: *A necesidade dunhas finanzas éticas na situación actual*. Poñente: Gonzalo Gesto Quiñoa (vicepresidente da asociación Fiare-Galicia)
- 10:45h: Documental: *Finanzas éticas, o proxecto Fiare*.
- 11:15h: *O momento actual: que é a Fiare Banca Ética?*. Poñente: Esteban González Bernárdez (coordinador do GIT-Norte en Galicia).
- 12:15h: Pausa-café
- 12:35h: *A operativa bancaria de Fiare Banca Ética*. Poñente: Juan Garibi (Director de operacións de Fiare Banca Ética).
- 14:00h: Peche da xornada (un representante da Deputación de Lugo e outro do grupo local de Fiare en Lugo).